

## **XUNTA ELECTORAL**

En Lugo, en data 30 de Outubro de 2.014 reuniúse a Xunta Electoral da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, para coñecer da reclamación presentada por D. Ramón Arias García.

Dentro das competencias asinadas a esta Xunta polo Regulamento Electoral no seu artigo 5 do Regulamento Electoral, e pola normativa que regula os procesos electorais das federacións deportivas galegas, esta Xunta Electoral, despois de examinar a reclamación formulada, adopta a seguinte

### **RESOLUCIÓN:**

#### **ANTECEDENTES:**

D. Ramón Arias García, en calidade de candidato a Asamblea Xeral da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno no estamento de Deportistas presentou, mediante escrito de data 28 de Outubro de 2014, recurso impugnando o proceso de votación a membros da Asamblea Xeral, no estamento de Deportistas, por considerar que a votante deportista D<sup>a</sup>. Camila Alonso Aradas non acreditou a súa identidade.

#### **OBXETO DO RECURSO:**

O que debe determinarse no presente recurso e se se incumpliu a normativa electoral, por vulneración dos artigos 13 e 6 do Regulamento Electoral, por unha suposta falta de acreditación da identidade de D<sup>a</sup>. Camila Alonso Aradas, por non ter presentado documento acreditativo da súa identidade.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** O artigo 13.2 do Regulamento electoral determina que a identidade do votante se acredita mediante o documento acreditativo da súa personalidade, que deberá coincidir cos datos que figuren no censo electoral. Nembargantes, como ten establecido a xurisprudencia do Tribunal Supremo (por todas a sentenza de 21 de xunio de 1.977), a presentación do D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir, na que apareza a fotografía do titular, pode resultar en certos casos innecesaria por “**coñecemento notorio do elector**”.

Os medios establecidos no art. 13 do Regulamento Electoral non poden considerarse como os únicos permitidos pola Lei para acreditar a identidade do elector, aínda cando sexan os máis adecuados, senón que outros medios poden ser admitidos pola mesa electoral para chegar ó convencemento da identidade de quen exerce o seu dereito de voto.

O artigo 13 do Regulamento Electoral debe interpretarse á luz do dereito proclamado no artigo 23 da Constitución, a participar nos asuntos públicos, que podería verse cercenado por unha interpretación excesivamente restrictiva da devandita norma.

En consecuencia, o artigo 13 do Regulamento Electoral permite valorar outros elementos de identificación do elector, ademais dos establecidos no apartado 2, como poden ser ter en conta testimonios que do elector poidan dar os presentes, circunstancia que se produce no caso plantexado, máxime se se considera que ningún membro da mesa tivo dúbidas ou sospeitas da suplantación de personalidade, nin indicio algún que contradiga a identificación da votante.

Así mesmo, a Mesa, conta cunha facultade de apreciación da identidade do elector en función de tódolos medios posibles, tanto ordinarios, previstos no artigo 13 do Regulamento Electoral, como extraordinarios (conforme ás atribucións do artigo 6 do Regulamento Electoral: “*comprobar a identidade do votante*”), como poden ser a identificación patente do elector por tódolos membros da Mesa, circunstancia que concorre plenamente neste caso, mais aínda se temos en conta que por parte dos membros da Mesa non se manifestou duda sobre a identidade da votante, facendo constar expresamente que **daban fe da súa identidade**, limitándose o interventor a manifestar o seu desacordo ca aceptación do voto, non ca identificación da votante.

Polo tanto, non se incurriu pola Mesa Electoral en ningún incumprimento das esixencias legais, senón que a Mesa exercitou as facultades de identificación arriba referidas, conforme ós artigos 6 e 13 do Regulamento Electoral.

**SEGUNDO.-** Que toda irregularidade, para ser invalidante e, en canto tal, xustificadora da estimación dun recurso, debe afectar ó resultado da elección, polo que no presente caso, á vista dos resultados da votación a membros da Asamblea Xeral no estamento de deportistas, unha eventual estimación da pretensión do reclamante non afectaría o resultado da elección.

Na súa virtude, a Xunta Electoral, na súa reunión do día da data, adopta o seguinte

**ACORDO:** Desestimar o recurso formulado por D. Ramón Arias García.

A presente Resolución será publicada na páxina web da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno, e notificada ó recurrente.

**RECURSOS:** Contra esta Resolución, cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da presente resolución, conforme ó establecido no artigo 19 do Regulamento electoral.

Lugo a 30 de Outubro de 2014

**Asdo. José Antonio Formoso Pita**  
**Presidente da Xunta Electoral**